



**MOSTRA DE
TEATRO INFANTIL
DE NADAL**

2011

Do 26 ao 30 de decembro_2011

SALONTEATRO

MOSTRA DE TEATRO INFANTIL DE NADAL

2011

Do 26 ao 30 de decembro_2011

Teatro

Luns 26 - 19.00 h

Area e Auga

TEATRO DEL ANDAMIO

Autoría: Héctor Presa

Dirección: Álvaro Guevara

Elenco: Gema Ulloa, Carmen Blanco, Álvaro Guevara, Nacho Martín

3 a 10
anos

Teatro

Martes 27 - 19.00 h

Cinderela Mix

ARTELLO TEATRO ALLA SCALLA 1:5

Autoría e interpretación: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro e Simón Piñón

Dirección: Santiago Montenegro e Manuel Pombal

+4
anos

Teatro

Mércores 28 - 19.00 h

O Gato Manchado e a Andoriña Siñá

TEATRO DO MORCEGO

Autoría: Jorge Amado

Dirección: José Prieto

Elenco: Carlos Mosquera "Mos", Celia González, Mundo Villalustre, Marián Rei, María Veiga

+6
anos

Monicreques de Iuva

Xoves 29 - 19.00 h

Fábula Galénica

FANTOCHES BAJ

Autoría e dirección: Inacio

Manipuladores: Inacio, Luis Iglesias "Luchi"

todos os
públicos

Teatro

Venres 30 - 19.00 h

Piratas

TEATRO DO NOROESTE

Autoría e dirección: Eduardo Alonso

Elenco: Alejandro Carro, Laura Míguez, Fernando González, Victoria Pérez

todos os
públicos

6 a 12
anos



AREA E AUGA
TEATRO DEL ANDAMIO

luns
26

Autoría: **Héctor Presa**
Dirección: **Álvaro Guevara**
Elenco: **Gema Ulloa, Carmen Blanco,
Álvaro Guevara, Nacho Martín**
Música: **Ángel Mahler**
Coreografía: **Mecha Fernández**
Vestuario: **Anastasia Guevara**
Iluminación: **Nacho Martín**

***Premio FETEN 2008
á mellor dramaturxia**

Hai xente que bebe area, pero non porque lles guste, senón porque nunca probaron a auga. Que contamos? O que lle sucede a catro persoas que viven a cada lado dunha parede e un día empezan a vincularse cos seus veciños. Que rescatamos? O valor de vencer o medo ás situacións novas e descoñecidas que enfrontamos a diario.



CINDERELA MIX

ARTELLO TEATRO ALLA SCALA 1:5

martes
27

Autoría e interpretación: **Rosa Hurtado, Santiago Montenegro, Simón Piñón**

Dirección: **Santiago Montenegro, Manuel Pombal**

Elenco: **Rosa Hurtado, Santiago Montenegro, Simón Piñón**

Títeres e atrezzo: **Rosa Hurtado, Suso Montero**

Escenografía e vestuario: **Suso Montero**

Iluminación: **Santiago Montenegro**

Chisco, Mucha e Moncho son tres limpadores que empezan unha nova xornada de traballo. Porque as fregonas falan en verso? Porque os pés discuten entre eles? Que se agocha tras esa pequena xanela? Porque asubía o papel de cociña...?

Hoxe vense engaiolados nunha historia que lles leva a mesturar, a enredar, a compartir, a xogar. Pero se están no conto da Cincenta!

Pois claro. É que Cinderela Mix é un xogo con esa historia que todos coñecemos.

Coa maior sinxeleza, empregando os seus trebellos de limpar, o propio corpo e as sombras, Chisco, Mucha e Moncho xogan a encarnaren os diferentes personaxes.

As súas miradas cheas de ilusión, de tenrura, de poesía, de cor, de música, de humor, estimulan a imaxinación do espectador, conseguindo a complicidade e diversión tanto de cativos como de adultos.



O GATO MANCHADO E A ANDORIÑA SIÑÁ
TEATRO DO MORCEGO

mér.
28

Autoría: **Jorge Amado**
Dirección: **José Prieto**
Elenco: **Carlos Mosquera "Mos", Celia González,
Mundo Villalustre, Marián Rei, María Veiga**
Voz en off: **Celso Parada**
Escenografía e vestuario: **Carlos Alonso**
Iluminación: **Nacho Martín**

"Onde se viu? Unha andoriña de raza volátil
falando cun gato da raza dos felinos!"
Esta é a historia dun amor imposible entre un
gato e unha andoriña.

Un gato é un gato e un paxaro é un paxaro
pero..., hai amores imposibles?



FÁBULA GALÉNICA
FANTOCHES BAJ

xoves
29

Autoría e dirección: **Inacio**
Manipuladores: **Inacio, Luis Iglesias “Luchi”**
Sonoplastia: **Benxa Otero**
Escenografía: **Luis Iglesias “Luchi”**
Deseño das marionetas: **Óscar Villán**
Vestuario: **María Chenut**

Neste espectáculo de monicreques de luva, onde atopamos animais que falan como persoas e persoas que se comportan como animais, relátase como a decisión do rei Don Cardo de construír un castelo novo está a piques de acabar cos recursos naturais e económicos da súa contorna. O burro da tía Lola, personaxe inmortalizado polos gaiteiros Os Dezas, coa axuda dos animais e doutros seres da fraga, enfrontarase ao rei para recuperar o ecosistema.

Ao redor dunha preciosa radio antiga, coa que se pretende homenaxear aos seriais radiofónicos, nenos e maiores descubrirán unha divertida historia de absoluta actualidade que bebe dos contos populares. Na montaxe, os animais trasmiten importantes valores como o respecto polo medio, a amizade e a honradez, fronte a unha sociedade que actúa de xeito egoísta baixo o dominio do consumismo.



PIRATAS
TEATRO DO NOROESTE

venres
30

Autoría e dirección: **Eduardo Alonso**
Elenco: **Alejandro Carro, Laura Míguez, Fernando González, Victoria Pérez**
Escenografía e vestuario: **Paco Conesa**
Selección musical: **Brais Morán**
Iluminación: **Eduardo Alonso**
Axudante de dirección: **Luma Gómez**

Un trebón papouse ao bergantín “Princesa dos Mares”, un dos máis temidos barcos piratas de todos os océanos. Algúns membros da súa perigosa tripulación conseguiron sobrevivir nunha balsa, agora a balsa pirata “Raiña da Escuma”. O terrible pirata Patachula dirixe unha tripulación composta polo grumete Mingallas, natural da illa da Tartaruga, o esforzado Ollovirollo, co seu parche no ollo e o seu papagaio Velasvir, e sobre todo a muller pirata Cachaza.

Todos eles encherán de aventuras os mares do Sur, realizando conquistas, como a famosa illa da Flor Nacente, e conseguindo descubrir onde está agochado o tesouro do pirata Bocanegra, que cando abría a boca, a súa campaña soaba a morto.



VENDA DE ENTRADAS

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos, todos eles programados ás 19:00 horas, poranse á venda no despacho de billetes do Salón Teatro, que permanecerá aberto todos os días da Mostra de Teatro Infantil de Nadal desde as 17.00 horas.

Ademais, poden adquirirse por anticipado na billeteira electrónica da web

<http://www.entradas.novagaliciabanco.es> e no teléfono **902 43 44 43**.

O prezo das localidades é de 6 euros. Tamén estará dispoñible (só na billeteira) un bono de seis entradas por 30 euros.

Máis información en **www.centrodramatico.org**

Salón Teatro
Rúa Nova, 34
Santiago de Compostela

Billeteira: Tel. 981 58 49 78
(Dúas horas antes do espectáculo)

**MOSTRA DE
TEATRO INFANTIL
DE NADAL** 2011

Do 26 ao 30 de decembro_2011

**MOSTRA DE
TEATRO INFANTIL
DE NADAL** 2011

Do 26 ao 30 de dezembro_2011

SALONTEATRO

